



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Problemas sociais, xustiza xuvenil e educación		Código	652439027
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Iglesias Galdo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es	
Profesorado	Iglesias Galdo, Ana Maria	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Propoñémonos afondar sobre dous grandes mitos que persisten historicamente en relación ao binomio escolarización obrigatoria e delincuencia xuvenil. Por unha banda someteremos a análise á pretendida neutralidade e obxectividade da escolarización, e por outra, e intimamente ligada a esta, afondaremos en torno á relación de oposición entre a xurisdición de menores e a escolaridade obrigatoria, ao destacar o fracaso escolar como un dos factores máis característicos do perfil da delincuencia xuvenil.</p> <p>Lonxe de naturalizarmos a bondade social da escolaridade queremos averiguar en que medida ten parte de responsabilidade na construción da carreira delincente, en tanto o sistema educativo non consegue conciliar a gran diversidade de intereses, de actitudes e de expectativas que entran na escola coa homoxeneidade que implica a selección do currículo común, pero tamén obrigatorio, para toda a infancia.</p> <p>Convertemos en problema a categoría ?fracaso escolar?, e lonxe de identificalo coa non consecución dos obxectivos de etapa, ou o abandono antes de rematar o período de escolaridade obrigatoria, pretendemos ampliar o enfoque para captar outros significados referidos ao que aprenden estes menores en torno á súa valía, ás súas capacidades, aos seus esforzos, ás súas motivacións, para valorarmos así en que medida senten o éxito ou o fracaso escolar e os efectos que esta aprendizaxe ten sobre das súas identidades.</p> <p>Para finalizarmos esta chispa que se produce ao entrar en contacto o sistema educativo co xudicial e, tendo en conta que a media de idade dos rapaces se sitúa no límite da escolaridade obrigatoria, poñeremos en relación o aprendido na experiencia escolar coas expectativas laborais, pois as especiais dificultades na procura de emprego na actualidade fan que a educación, se ben non garante un traballo, si se converte no principal requisito na súa procura.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñecer proxectos de innovación socioeducativa destinados a disminuir o fracaso escolar.	AI4		
	AI5		
	AI12		
Profundar no papel da escolarización obrigatoria na definición da adolescencia delincente	AI2		
	AI6		
	AI12		
Coñecer a historia do presente do campo da xustiza xuvenil	AI2		
	AI4		
	AI26		



Afondar e someter a crítica algunhas das evidencias, das teorías tácitas que habitan o campo da xustiza de menores	AI1 AI2 AI4 AI6 AI26		
Analizar os efectos do fracaso escolar nas identidades das infancias socialmente vulnerables	AI1 AI2 AI4 AI6 AI26		

Contidos	
Temas	Subtemas
Escolarización obligatoria e xustiza xuvenil: apuntamentos históricos.	Escolarización obligatoria e xustiza xuvenil: apuntamentos históricos.
A xustiza de menores: entre a educación e o castigo	A xustiza de menores: entre a educación e o castigo
Xénero e desviación social	Xénero e desviación social
Desigualdades sociais en educación	Desigualdades sociais en educación
O fracaso escolar como experiencia educativa	O fracaso escolar como experiencia educativa

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	11	14	25
Actividades iniciais	2	0	2
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	3	3
Investigación (Proxecto de investigación)	0	20	20
Análise de fontes documentais	7	15	22
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Estudo intensivo dos contidos presentados no temario, favorecendo a participación e discusión argumentada de todo o grupo, así como a elaboración de documentos e conclusións individuais.
Actividades iniciais	Actividade que ten unha dobre finalidade. Por unha banda coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o estudantado para asegurar o logro dos obxectivos que se queren alcanzar e, por outra, explicar o programa previsto axustándoo, na medida do posible, ás necesidades do grupo.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento no ámbito de menores en desprotección e conflito social.
Investigación (Proxecto de investigación)	Aprendizaxe a través da indagación na que o estudantado, individualmente, elaborará un traballo arredor das cuestións clave abordadas na materia, empregando as fontes de información básicas e complementarias.
Análise de fontes documentais	Utilización de documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) que son relevantes para afondar sobre da relación entre a política educativa e a da xustiza de menores

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
Seminario Investigación (Proxecto de investigación)	Implica a asistencia e participación do alumnado, así como ter en conta as orientacións dadas pola profesora na a elaboración dos diferentes traballos solicitados.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Seminario	Estudo intensivo dos contidos presentados no temario, favorecendo a participación e discusión argumentada de todo o grupo, así como a elaboración de documentos e conclusións individuais. Esixe un traballo previo individual e autónomo sobre os documentos, así como a asistencia e participación na aula, formulando preguntas, explorando contradicións, achegando argumentos... co obxectivo de favorecer a reflexión crítica e a comprensión.	50
Investigación (Proxecto de investigación)	Aprendizaxe a través da indagación na que o estudantado, individualmente, elaborará un traballo arredor das cuestións clave abordadas na materia, empregando as fontes de información básicas e complementarias. Valorarase especialmente: a coherencia interna; a profundidade do contido; a capacidade para establecer sinerxías; o tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar; a utilización de fontes documentais complementarias e actuais.	50

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	- (). . - (). .
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías